peza de roupa. A prohibición a que se refire este apartado non é de aplicación nos paseos marítimos, nin ás rúas nin vías inmediatamente contiguas ás praias ou no resto do litoral”. E o art. 74 ter engadía que “a realización da conduta descrita no primeiro apartado do artigo anterior será considerada infracción leve, e será sancionada cunha multa de 300 a 500 euros” e “a descrita no segundo apartado do artigo anterior será considerada infracción leve, e será sancionada cunha multa de 120 a 300 euros”. Segundo a STS do 23 de marzo de 2015 (RX 2015, 2113), non respecta a exigencia de tipicidade a expresión “ir semiespido” ou “en peza de roupa similar a un traxe de baño”. En concreto, a Sala declarou que o motivo de recurso debe prosperar en relación coas expresións “case espido” e “case espida” do artigo 74.bis.1 da ordenanza e “outra peza de roupa similar” ao traxe de baño do artigo 74.bis.2, pois, en contra do afirmado na sentenza de instancia, non resulta factible determinar cun mínimo grao de precisión as características concretas das condutas que se sancionan. E engadiu: “tería sido necesario un maior esforzo da Corporación municipal para acoutar este indeterminado concepto (“case espido” ou “case espida”) e non deixar ao aplicador do precepto tan extraordinaria marxe de apreciación nunha materia que, desde logo, non pode afirmarse que se presenta con indiscutible claridade”.

No mesmo sentido, a antiga Ordenanza de convivencia cidadá de Valladolid –xa derogada– establecía que “ningunha persoa poderá estar espida ou semiespida nos espazos e vías de uso público, salvo que conte con autorización expresa do Concello ou realice actividades formalmente amparadas no exercicio de dereitos fundamentais. Así mesmo, queda prohibido transitar ou permanecer nos espazos públicos mencionados en traxe de baño ou en calquera outra peza de roupa similar, agás nas piscinas, as praias ou calquera outro lugar en que sexa normal ou habitual estar con este tipo de roupa”. Noutro precepto consideraba infracción sancionable o incumprimento desta prohibición. A sentenza de instancia anulou o inciso “ou en calquera outra peza de roupa similar”. Pola súa banda, a STS do 9 de maio de 2016 (n. 1013, RX 2588) razoa que a prohibición non vulnera os arts. 14 e 16 CE e tampouco o principio de proporcionalidade, pero entende que vulnera o art. 25.1 CE, ademais da expresión “calquera outra peza similar” ao traxe de baño, xa anulada, a de “semiespida”. Admite, desde logo, conforme a xurisprudencia xa consolidada, que se tipifiquen infraccións mediante conceptos xurídicos indeterminados, pero só cando “a súa concreción sexa factible en virtude de criterios lóxicos, técnicos ou de experiencia, de maneira que permitan prever, con suficiente seguridade, a natureza e as características esenciais das condutas prohibidas”. Neste caso, o TS considera que non se dan esas condicións.

Regap



ESTUDOS

non tipificadas na lexislación sobre protección da seguridade cidadá”. Tamén, o artigo 34 h) da ordenanza de Pamplona, que tipifica como infracción moi grave os “Actos ou omisións contrarios ao previsto nesta ordenanza que poñan en perigo grave a saúde ou a integridade física ou moral das persoas”. E así moitísimos outros.

6.3 O principio de proporcionalidade das sancións

6.3.1 Infraccións que sancionan condutas irrelevantes ou moi pouco lesivas

Criticouse tamén a LOPSC por sancionar nalgúns casos condutas insignificantes que non merecen reproche punitivo ningún; por exemplo, o caso de perder tres ou máis veces nun ano o DNI (art. 37.11 LOPSC), de non denunciar culpablemente a súa perda ou subtracción (art. 37.10 LOPSC) ou de escalar edificios ou monumentos para despregar pancartas reivindicativas de algo (art. 33.14 LOPSC). Pode que sexa verdade e, quizais, o máis razoable sería que estas condutas quedasen impunes. Pero, dito isto, máis grave me parece o que fixeron os preceptos das ordenanzas que tipificaron como infraccións certas condutas que teñen claramente unha lesividade moi reducida cando non inexistente ou que son moitas veces accións meramente sociais ou desordenadas e que, en todo caso, eran toleradas ata hai ben pouco⁶⁰, como berrar, durmir nun banco do parque, cortar unha flor, cuspir, cantar na rúa, determinadas formas de mendicidade⁶¹, etc.

6.3.2 Infraccións que tipifican o exercicio de dereitos fundamentais

Na outra cara da moeda, tamén se denunciou que hai preceptos na LOPSC (art. 36.1, art. 36.2, art. 36.4, art. 36.23, art. 37.3, parágrafo segundo) que tipifican e sancionan simples condutas de protesta cidadá e, con iso, o exercicio de verdadeiros dereitos fundamentais (de manifestación, de reunión, de liberdade de expresión, liberdade de información, etc.). Xuridicamente estas críticas non se sosteñen e supoñen unha concepción dos dereitos fundamentais como dereitos absolutos que non admiten límites para garantir outros bens xurídicos –no noso caso, a orde pública–⁶², pero, en calquera caso, tamén as ordenanzas de convivencia –que non hai que esquecer

⁶⁰ Referiuse a iso e criticouno o penalista RANDO CASERMEIRO, P., “El modelo penal de la seguridad ciudadana en el derecho administrativo sancionador”, *In Dret*, n. 1, 2010, pp. 13, 15, 22 y 23: “Sen dúbida, o apoio á potestade sancionadora dos concellos a través de normas de rango non legal, singularmente as ordenanzas municipais tivo moito que ver coa prohibición de condutas cuxa lesividade é moi reducida, e que en todo caso eran toleradas ata hai ben pouco: (...) Os entes locais viron, en definitiva, un filón produtivo para intervir (...) A seguridade cidadá configúrase tan amplamente polo dereito administrativo sancionador actual –RANDO refírese ás ordenanzas locais– que se considera lesionada pola comisión de meras condutas sociais ou desordenadas (...) Deberíase pór freo ao exercicio desembarazado de potestades lexislativas sancionadoras que está a ter lugar no ámbito da Administración local”.

⁶¹ *Vid.*, sobre isto, MELERO ALONSO, E., “Las ordenanzas locales como instrumento de exclusión social: la regulación que afecta a las personas sin hogar es Derecho administrativo del enemigo”, cit., pp. 10-14 e 23-24, para o que a regulación sobre as persoas sen fogar nas ordenanzas locais ten a natureza de dereito administrativo do inimigo. Trátase –di– dunha normativa que castiga as actividades cotiás das persoas sen fogar. Desta forma estase a pór en práctica unha política de exclusión social (p. 25).

⁶² ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “El nuevo régimen de la seguridad ciudadana: algunas faltas menos y muchas infracciones más”, cit., pp. 126-129.

son regulamentos – establecen prohibicións que limitan severamente non xa facultades non identificables con dereitos ou a liberdade xenérica (regar as plantas desde o balcón, ter animais de compañía, acampar, facer fogueiras, pasear sen camiseta polo centro da cidade, etc.), senón certos dereitos, mesmo fundamentais⁶³, cando o seu exercicio poida comportar unha perturbación da orde pública. E non só establecen estas prohibicións, senón que ademais sancionan o seu incumprimento⁶⁴. Desde logo, nin a liberdade xenérica do individuo nin os dereitos fundamentais (a propiedade, a liberdade de empresa, a liberdade de expresión) poden incluír a posibilidade de danar ou de pór en perigo a convivencia e a seguridade cidadá. Pero, quizais, as ordenanzas de convivencia – que, insisto, son regulamentos, aínda que de carácter especial – deberan ter previsto algúns deses límites á liberdade xenérica e ao exercicio de dereitos fundamentais con moita menos lixeireza e máis mesura da que empregaron ata agora.

Hai sentenzas – poucas – que anulan preceptos de ordenanzas por entrañaren límites contrarios ao contido esencial dos dereitos fundamentais do cidadán. Por exemplo, a STSX de Castela e León, do 8 de outubro de 2013, n. 1692/2013, anulou o artigo 7.1 e 3 da xa derogada ordenanza de Valladolid de 2004 por vulnerar o dereito á liberdade de expresión. O dito precepto sometía a autorización municipal previa a colocación de calquera tipo de pancarta na vía pública, mesmo nos edificios privados cando a colocación dos carteis, pancartas e outros elementos non danasen a superficie e fosen de doada extracción. A sentenza considera “exorbitante e contrario á liberdade de expresión que calquera acto de comunicación iconográfica, visual, escrita ou protesta, netamente temporal, e que se realice no exterior de bens de titularidade privada se someta a autorización municipal baixo sanción”. Esta mesma STSX de Castela e León, do 8 de outubro de 2013, n. 1692/2013⁶⁵, anulou tamén o artigo 15.1 da ordenanza de Valladolid de 2004, segundo o cal “quedan prohibidas as condutas que adopten calquera forma de mendicidade nas vías e espazos públicos”, porque ao referirse a calquera forma de mendicidade está a prohibir todas as súas manifestacións. Hai que distinguir, segundo a sentenza, entre a mendicidade realizada en estado de necesidade, de forma educada e non reiterada, da solicitude de diñeiro en esmola en situacións que implican o uso de menores, de xeito coactivo ou de forma que dificulte o tránsito de peóns ou vehículos. A sala considera axustada a dereito a prohibición desta segunda forma de mendicidade, por entender que pode levar consigo unha situación de risco, perigo ou incomodidade. Pero non é así no primeiro

⁶³ Vid. BELANDO GARÍN, B., “Ordenanzas de convivencia ciudadana: mediación y medidas sustitutivas ¿dónde están los límites?”, Lloria García, P. (dir.), *Convivencia ciudadana: mediación, conciliación y técnicas de prevención y resolución del conflicto ciudadano*, Iustel, Madrid, 2018, pp. 62-67.

⁶⁴ Vid. sobre esto REBOLLO PUIG, M., “Artículo 84”, Rebollo Puig, M. (dir.), e Izquierdo Carrasco, M. (coord.), *Comentarios a la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local*, Tomo II, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007, pp. 2214-2215. Vid., tamén, ORTEGA BERNARDO, J., *Derechos fundamentales y ordenanzas locales*, Marcial Pons, Madrid, 2014, pp. 48-53; GARCÍA GARCÍA, M.J., *La sanción de prestaciones en beneficio de la comunidad en las ordenanzas de convivencia ciudadana*, cit., pp. 54 e 77-93; e BROTAT I JUBERT, R., *La seguridad urbana: entre la seguridad ciudadana, el civismo y la convivencia en espacios públicos*, Universidade de Barcelona, 2014 (tese de doutoramento), pp. 409-414. Disponible en: <https://www.tdx.cat/handle/10803/134667> (16 de maio de 2019).

⁶⁵ Coméntaa BELANDO GARÍN, B., “Ordenanzas de convivencia ciudadana: mediación y medidas sustitutivas ¿dónde están los límites?”, cit., pp. 66-67.

caso, no que a prohibición pode implicar a vulneración do principio fundamental de liberdade das persoas. Especialmente coñecida foi a STS do 14 de febreiro de 2013 (RX\2013\2613), que anulou varios preceptos da ordenanza de Lleida de 2010 relativos á prohibición de acceder ou permanecer nos edificios municipais ás persoas que portasen veo integral porque, en defecto dunha lei que prevexa esa limitación, resultan contrarios ao contido esencial do dereito á liberdade relixiosa⁶⁶.

7 Os descoidos e esquecementos da LOPSC

Noutra orde de cousas, unha das maiores debilidades da LOPSC é que o seu réxime sancionador non tivera en conta as ordenanzas de convivencia. Como xa advertimos, a elaboración e aprobación da LOPSC foron da man da reforma do CP de 2015, á que tivo moi presente, coa finalidade de incorporar no seu articulado algunhas das faltas que aquela suprimiu do libro III do CP. Pero, sorprendentemente, a LOPSC ignorou por completo a existencia das ordenanzas locais que xa tipificaban non poucas das infraccións que ela mesma previu logo. E ese esquecemento paréceme decepcionante.

No que aquí nos interesa, a LOPSC só se referiu ás ordenanzas municipais nun precepto, o artigo 32.3, e non para articular as relacións coas xa existentes, senón para prever posibles regulacións futuras. É verdade que este precepto non se refire expresamente ás de convivencia ou civismo, senón en xeral ás ordenanzas municipais, pero sendo unha lei de seguridade cidadá o lóxico é entender que, antes que nada, estará a pensar nelas (e, en xeral, nas que se poidan aprobar para regular as mesmas materias que ela aborda).

En concreto, di o 32.3, que se insire dentro do capítulo V (Réxime sancionador), na sección 1.^a, relativa a “Suxeitos responsables, órganos competentes e regras xerais sobre as infraccións e a aplicación das sancións”:

Artigo 32. Órganos competentes.

...

3. “Os alcaldes poderán impor as sancións e adoptar as medidas previstas nesta lei cando as infraccións se cometesen en espazos públicos municipais ou afecten a bens de titularidade local, sempre que posúan competencia sobre a materia de acordo coa lexislación específica.

Nos termos do art. 41, as ordenanzas municipais poderán introducir especificacións ou graduacións no cadro das infraccións e sancións tipificadas nesta lei”.

E, pola súa banda, establece o artigo 41, que se sitúa na sección 2.^a do capítulo V, relativa a “Infraccións e sancións”:

Artigo 41. Habilitación regulamentaria.

“As disposicións regulamentarias de desenvolvemento poderán introducir especificacións ou graduacións no cadro das infraccións e sancións tipificadas nesta lei que, sen constituíren novas infraccións ou sancións, nin alterar a súa natureza

⁶⁶ Analizan esta sentenza con detalle GONZÁLEZ BOTIJA, F., *Orden público y libertad (Vestimenta, comunicación comercial y audiovisual, ocio y banderas)*, cit., pp. 45-60; e GARCÍA GARCÍA, M.J., *La sanción de prestaciones en beneficio de la comunidad en las ordenanzas de convivencia ciudadana*, cit., pp. 87-90.

e límites, contribúan á máis correcta identificación das condutas ou á máis precisa determinación das sancións correspondentes”.

É dicir, segundo os artigos 32.2 e 41 LOPSC, as ordenanzas municipais poderán especificar as infraccións e graduar as sancións que ela mesma tipificou, sempre e cando –hai que entender, aínda que non o concrete o artigo 32.3, parágrafo segundo, LOPSC– o municipio teña competencia sobre a materia concreta de que se trate en cada caso⁶⁷.

De calquera forma, parece raro que a LOPSC se limite a dicir isto como se no momento de aprobarse non houberse xa vixente no noso ordenamento un inmenso dereito sancionador da convivencia cidadá que foron aprobando desde hai máis de quince anos esas ordenanzas locais. De feito –como xa se dixo antes– un bo número das infraccións que previu a LOPSC coincide punto por punto coas que adoitan tipificar todas as ordenanzas de convivencia⁶⁸. Así acontece, por exemplo, coas infraccións previstas nos artigos 36.10 (portar ou exhibir armas), 36.11 (solicitar ou aceptar servizos sexuais retribuídos na vía pública), 36.15 (obstaculizar o funcionamento dos servizos de emerxencia); 36.16 (consumo ou tenza ilícita de drogas en lugares públicos, así como o abandono de xiringas), 36.19 (tolerancia no consumo de drogas en establecementos públicos), 37.2 (exhibir obxectos perigosos), 37.5 (realizar ou incitar á realización de actos contra a liberdade sexual), 37.7 (ocupación da vía pública e venda ambulante non autorizada), 37.13 (danos ou deslucimentos de bens de uso ou servizo público ou de bens privados na vía pública), 37.15 (remoción de valados para delimitar perímetros de seguridade), 37.16 (deixar soltos animais perigosos e abandonar animais domésticos) e 37.17 (beber alcohol nas rúas). Polo menos, a LOPSC podería terse declarado de aplicación preferente en caso de concorrer cunha norma sancionadora local. Ou mesmo de aplicación supletoria. Pero nin iso fixo. Sorprendente e decepcionante.

Ben é verdade que a LOPSC/92 dicía algo parecido no seu artigo 29.2 *in fine*⁶⁹, pero daquela aínda non se aprobara o actual título XI da LRBRL –que é introducido en 2003– nin, en consecuencia, existían as actuais ordenanzas de convivencia que foron aparecendo, precisamente, a partir da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que foi a que engadiu ese título XI á LRBRL. Así que se pode concluír, en favor da LOPSC/92, que non afrontou o problema das

⁶⁷ A nova posibilidade que teñen as ordenanzas, en virtude do art. 32.2, de graduar as sancións previstas na LOPSC leva consigo que a partir deste momento poidan prever, ademais da sanción de multa –que é o único que puideron facer ata agora ex art. 141 LRBRL– as outras accesorias do art. 39.2 LOPSC, atendendo á natureza dos feitos constitutivos da infracción e á súa gravidade: peche temporal de establecementos, suspensión temporal de licenzas, comiso de bens e retirada de armas. *Vid.*, con carácter xeral, VELASCO CABALLERO, F., e DÍEZ SASTRE, S., “Ordenanzas municipales y reserva de ley sancionadora”, cit., p. 62.

⁶⁸ Neste sentido, CASINO RUBIO, M., “La moderna Ley Orgánica 4/2015, de Seguridad Ciudadana, y sus debilidades sancionadoras”, cit. (en prensa).

⁶⁹ O art. 29.2 *in fine* da LOPSC/92 dicía: “Para a concreción das condutas sancionables, as ordenanzas municipais poderán especificar os tipos que corresponden ás infraccións cuxa sanción se atribúe neste artigo á competencia dos alcaldes, sempre dentro da natureza e os límites a que se refire o art. 129.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”. Pola súa banda, as infraccións cuxa sanción se atribuíu neste artigo á competencia dos alcaldes eran as relativas a espectáculos públicos, tenza e consumo de drogas e as infraccións leves tipificadas nos apartados g), h), i) e j) do art. 26 LOPSC/92.

ordenanzas de convivencia porque, no momento da súa redacción, ese problema non existía no noso ordenamento.

Co pouco que di a LOPSC ao respecto, dá a impresión de que a partir deste momento o único que poderán facer as ordenanzas de convivencia é desenvolver o seu réxime sancionador: especificar as súas infraccións e graduar as súas sancións. Nada máis. O curioso é que isto o diga a LOPSC, como se os artigos 139 a 141 LRBRL non existisen e a protección da convivencia cidadá non fose tradicionalmente unha competencia normativa asumida polos municipios⁷⁰.

O normal será que as ordenanzas de convivencia que se aproben de aquí en diante sigan invocando os artigos 139 a 141 LRBRL como título competencial para regular o seu réxime sancionador, pois estes preceptos –e outros da LRBRL–, aínda que sexan de carácter xeral, habilítanos para tipificar infraccións novas e facer moito máis do que lles permite a LOPSC⁷¹. Aínda que pode que tamén empecen a invocar os artigos 32.3 e 41 LOPSC para prever as súas mesmas infraccións e sancións: especificando as primeiras e graduando as segundas.

Por pór algúns exemplos, o municipio de Valladolid aprobou o 6 de febreiro de 2018 a súa nova ordenanza de protección do medio urbano, que derogou a anterior de protección da convivencia cidadá e prevención de actuacións antisociais. Nin no seu articulado nin na súa exposición de motivos nomea a LOPSC, senón a LRBRL, e o seu artigo 3.1 dispón que “Esta ordenanza se aproba no exercicio das competencias municipais establecidas no marco da vixente Lei reguladora das bases do réxime local en materia de conservación e tutela dos bens municipais; seguridade en lugares públicos; ... ; protección da salubridade pública; ... ; todo iso para a axeitada ordenación de determinadas relacións de veciñanza e do uso de bens e servizos de interese local”. Unicamente na súa disposición adicional podería atopar unha alusión indirecta á LOPSC, e a outras tantas leis sectoriais, cando afirma que “o establecido nesta ordenanza non impedirá a aplicación do réxime sancionador previsto nas disposicións sectoriais que cualifiquen como infracción as accións ou omisións contempladas nesta. En todo caso non poderán ser obxecto de sanción os feitos que xa fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento”. Tampouco a nomea nin a ten en conta –á LOPSC– a ordenanza de San Cristóbal de la Laguna do 3 de maio de 2016.

Pola contra, si invoca á LOPSC en varios dos seus preceptos a ordenanza de seguridade e convivencia cidadá no espazo público do Concello de Alconchel (Badajoz). O seu preámbulo di así:

“A Lei orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá (...) xerou numerosas dúbidas nos concellos dado que habilita para que as ordenanzas municipais poidan introducir especificacións ou graduacións no cadro das infraccións e sancións tipificadas na propia lei”.

⁷⁰ Vid. CASINO RUBIO, M., “La Ley Orgánica 4/2015, de Protección de la Seguridad Ciudadana, y los Ayuntamientos”, *Anuario de Derecho Municipal 2015*, n. 9, 2016, p. 138.

⁷¹ Estúdao no ámbito das infraccións relacionadas coa prostitución, FERNÁNDEZ LE GAL, A., “La respuesta sancionadora del Estado frente a la prostitución”, cit. (en prensa).

E, logo, nos artigos 63 e seguintes –e tras ter previsto un réxime de infraccións conforme os artigos 139 e seguintes da LRBRL– tipifica, aludindo como fundamento legal ao seu artigo 32.3, unhas dezaoto infraccións da LOPSC –moi graves, graves e leves–, prevé a posibilidade de impor as sancións accesorias nela previstas, e remítese a ela para determinar as cuestións relativas aos suxeitos responsables, os menores, a reparación do dano causado, a caducidade do procedemento e a tramitación do procedemento sancionador abreviado⁷². É dicir, esta ordenanza previu dous grupos de infraccións diferentes: un con base no título XI LRBRL (o tradicional de todas as ordenanzas de convivencia) e outro con base no artigo 32.3 LOPSC (no que fai súas moitas das infraccións que estableceu a LOPSC). A LOPSC fixo posible, xa que logo, que agora as ordenanzas dupliquen as súas posibilidades de tipificar infraccións. Un verdadeiro disparate.

En definitiva, o lexislador estatal fixo mal e debera afrontar a situación. Igual unha boa solución tería sido que a LOPSC fixase uns criterios mínimos máis específicos sobre a antixuridicidade das infraccións e as clases de sancións en materia de convivencia cidadá⁷³ e, a partir de aí, habilítase as ordenanzas a tipificar as súas propias infraccións e sancións con eses límites legais, como fan con carácter xeral os artigos 139 a 141 LRBRL⁷⁴. Este marco permitiríalles tipificar infraccións novas baixo o amparo da LOPSC.

A polémica está servida. O razoable, desde logo, é que a LOPSC se tivese encargado de prestar cobertura legal ás ordenanzas de convivencia; isto é, que fose ela, por resultar máis específica que o título XI da LRBRL, a lei sectorial que habilítase e enmarcase o seu réxime sancionador⁷⁵. A pelota estaba no seu tellado, por dicilo coloquialmente⁷⁶. Pero preferiu non facelo e mirar para outro lado.

⁷² Practicamente o mesmo –que a de Alconchel– fixo a ordenanza municipal de convivencia cidadá no espazo público de Novelda de xullo de 2017 nos seus arts. 88 (normas de conduta), 89 (réxime de sancións), 93 (responsabilidade das infraccións) e 95 (procedemento sancionador).

Pola súa banda, tamén se referiron à LOPSC, pero solo para cuestións puntuais e non para tipificar as súas mesmas infraccións e sancións, a ordenanza de Fuengirola de 2018 no art. 30 (en temas de prostitución) e a ordenanza do municipio de Arganda del Rey de 2018 no art. 65 (sobre medidas de policía administrativa directa e funcións da policía local relativas ao cumprimento da ordenanza).

⁷³ VELASCO CABALLERO, F., e DíEZ SASTRE, S., “Ordenanzas municipales y reserva de ley sancionadora”, cit., p. 60, deixan claro que “conforme o mesmo artigo 139 da LRBRL, o catálogo de criterios que logo enuncia o artigo 140 da LRBRL só rexe en defecto de normativa sectorial específica. De maneira que estes criterios non impiden que o propio Estado ou cada comunidade autónoma, cada un nos límites dos seus títulos competenciais, fixen outros criterios mínimos de antixuridicidade, complementarios ou distintos dos contidos no artigo 140 da LRBRL”. Logo, na p. 61, insisten en que “ao Estado ou ás comunidades autónomas lles corresponde agora, de acordo coa distribución competencial de materias, completar os criterios xerais de tipificación establecida no artigo 140 da LRBRL, adecuándoos ás características de cada concreto ámbito de actuación municipal. Non se trata, aquí tampouco, de fixar tipos de infracción. Trátase de fixar criterios orientadores da tipificación municipal en cada ámbito concreto competencial local... Será a partir deses criterios sectoriais mínimos, sumados aos criterios máis xerais contidos no artigo 140 da LRBRL, como cada concello establecerá tipos concretos de infraccións por contravención de ordenanzas e os clasificará como moi graves, graves ou leves”.

⁷⁴ Di LASAGABASTER HERRARTE, I., “La potestad sancionadora local en la Ley 57/2003 de medidas para la modernización del gobierno local”, cit., p. 21, sobre os criterios de antixuridicidade das infraccións que con carácter xeral establece o art. 140 LRBRL, que para algunhas materias faltan criterios mínimos de antixuridicidade evidentes. Este é o caso, na súa opinión, das contravencións que poden existir no cumprimento da normativa reguladora dos servizos públicos ou nas contravencións de carácter ambiental.

⁷⁵ *Vid.*, con carácter xeral, REBOLLO PUIG, M., IZQUIERDO CARRASCO, M., e ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “Título XI. Tipificación de las infracciones y sanciones por las entidades locales en determinadas materias”, cit., pp. 3744.

⁷⁶ Refírese a iso FERNÁNDEZ LE GAL, A., “La respuesta sancionadora del Estado frente a la prostitución”, cit. (en prensa).

Bibliografía

- ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “Los confines de las sanciones: en busca de la frontera entre Derecho penal y Derecho administrativo sancionador”, *Revista de Administración Pública*, n. 195, 2014.
- ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “El nuevo régimen de la seguridad ciudadana: algunas faltas menos y muchas infracciones más”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, n. 191, abril-xuño 2018.
- ALONSO RIMO, A., “El nuevo anteproyecto de Ley Orgánica de Protección de la seguridad (¿ciudadana?): Análisis desde la perspectiva del derecho de reunión y manifestación”, *Revista General de Derecho Penal*, n. 21, 2014.
- BALLBÉ I PRUNÉS, M., *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812-1983)*, Alianza Universidad, 1984.
- BARCELONA LLOP, J., “Las infracciones y sanciones administrativas en la Ley Orgánica 1/1992, sobre Protección de la Seguridad Ciudadana. Algunos aspectos problemáticos”, *Seguridad ciudadana. Materiales de reflexión crítica sobre la ley Corcuera*, Trotta, Madrid, 1993.
- BAUCELLS I LLADÓS, J., “El nuevo ‘derecho sancionador autoritario’. Acerca de la constitucionalidad del Código Penal y la Ley de Protección de Seguridad Ciudadana”, *Revista General de Derecho Penal*, n. 24, 2015.
- BELANDO GARÍN, B., “Ordenanzas de convivencia ciudadana: mediación y medidas sustitutivas ¿dónde están los límites”, Lloria García, P. (dir.), *Convivencia ciudadana: mediación, conciliación y técnicas de prevención y resolución del conflicto ciudadano*, Iustel, Madrid, 2018.
- BILBAO UBILLOS, J.M., “La llamada Ley Mordaza: La Ley orgánica 4/2015 de protección de la seguridad ciudadana”, *Teoría y realidad constitucional*, UNED, n. 36, 2015.
- BROTAT I JUBERT, R., *La seguridad urbana: entre la seguridad ciudadana, el civismo y la convivencia en espacios públicos*, Universidade de Barcelona, 2014 (tese de doutoramento). Disponible en: <https://www.tdx.cat/handle/10803/134667> (16 de maio de 2019).
- CASINO RUBIO, M., “Las nuevas y discutibles ordenanzas municipales de convivencia”, *Istituzioni del federalismo. Rivista di studi giuridici e politici*, n. 4, 2011.
- CASINO RUBIO, M., “La Ley Orgánica 4/2015, de Protección de la Seguridad Ciudadana, y los Ayuntamientos”, *Anuario de Derecho Municipal 2015*, n. 9, 2016.
- CASINO RUBIO, M., “La moderna Ley Orgánica 4/2015, de Seguridad Ciudadana, y sus debilidades sancionadoras”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).
- FERNÁNDEZ LE GAL, A., “La respuesta sancionadora del Estado frente a la prostitución”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).

- GARCÍA GARCÍA, M.J., *La sanción de prestaciones en beneficio de la comunidad en las ordenanzas de convivencia ciudadana*, CEMCI, Granada, 2014.
- GÓMEZ TOMILLO, M., “Seguridad ciudadana, descriminalización y garantías”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).
- GONZÁLEZ BOTIJA, F., *Orden público y libertad (Vestimenta, comunicación comercial y audiovisual, ocio y banderas)*, Atelier, Barcelona, 2018.
- IBÁÑEZ PICÓ, M., “Municipio y civismo. Las ordenanzas municipales como instrumento para la convivencia”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 307, 2008.
- LASAGABASTER HERRARTE, I., “La potestad sancionadora local en la Ley 57/2003 de medidas para la modernización del gobierno local”, *Revista Vasca de Administración Pública*, n. 68, 2004.
- MARTÍN FERNÁNDEZ, C., “El uso no autorizado de imágenes de los miembros de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).
- MELERO ALONSO, E., “Las ordenanzas locales como instrumento de exclusión social: la regulación que afecta a las personas sin hogar es Derecho administrativo del enemigo”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 6, 2016.
- MERINO ESTRADA, V., “Las nuevas Ordenanzas municipales reguladoras de la convivencia ciudadana”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 300-301, 2006.
- MORILLAS CUEVA, L., “Reflexiones críticas sobre el anteproyecto de Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana”, Abogacía Española. Consejo General. Disponible en: <http://www.abogacia.es/2014/03/27/reflexiones-criticas-sobre-elanteproyecto-de-ley-organica-de-seguridad-ciudadana>
- ORTEGA BERNARDO, J., *Derechos fundamentales y ordenanzas locales*, Marcial Pons, Madrid, 2014.
- PEMÁN GAVÍN, J., “Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 305, 2007.
- PEMÁN GAVÍN, J., “Ordenanzas municipales y convivencia ciudadana. Reflexiones a propósito de la Ordenanza de civismo de Barcelona”, *Derechos fundamentales y otros estudios en homenaje al prof. Dr. Lorenzo Martín-Retortillo*, vol. I, El Justicia de Aragón, Zaragoza, 2008.
- PEMÁN GAVÍN, J., “La política de civismo en los Ayuntamientos españoles. Entre policía, acción social y educación cívica”, *Revista Aragonesa de Administración Pública*, n. 36, 2010.
- PIZARRO NEVADO, R., “La tutela sancionadora del patrimonio privado inmobiliario en la LOPSC”, Alarcón Sotomayor, L. y Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios*

- sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).
- PRESNO LINERA, M.A., “La expansión del derecho administrativo sancionador securitario: Análisis constitucional de la Ley Orgánica para la protección de la seguridad ciudadana”, Cuerda Arnau, M. L., y García Amado, J.A. (dirs.), *Protección jurídica del orden público, la paz pública y la seguridad ciudadana*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2016.
- PRESNO LINERA, M.A., “El primer Anteproyecto de Ley Orgánica para la protección de la seguridad ciudadana”, *Teoría y Realidad Constitucional*, n. 34, 2014.
- RANDO CASERMEIRO, P., “El modelo penal de la seguridad ciudadana en el derecho administrativo sancionador”, *In Dret*, n. 1, 2010.
- REBOLLO PUIG, M., “Artículo 84”, Rebollo Puig, M. (dir.), e Izquierdo Carrasco, M. (coord.), *Comentarios a la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local*, Tomo II, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007.
- REBOLLO PUIG, M., “La trama de la Ley de Seguridad Ciudadana”, Alarcón Sotomayor, L., e Izquierdo Carrasco, M. (dirs.), *Estudios sobre la Ley Orgánica de Seguridad Ciudadana*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2019 (en prensa).
- REBOLLO PUIG, M.; IZQUIERDO CARRASCO, M., y ALARCÓN SOTOMAYOR, L., “Título XI. Tipificación de las infracciones y sanciones por las entidades locales en determinadas materias”, Rebollo Puig, M. (dir.), e Izquierdo Carrasco, M. (coord.), *Comentarios a la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local*, Tomo IV, Tirant lo Blanch, Valencia, 2007.
- RIDAO MARTÍN, J., “Las actuales limitaciones sobre la participación política y la libertad de información en el espacio público en España. Una lectura constitucional de la Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de la Seguridad Ciudadana”, *Revista Española de Derecho Constitucional*, n. 107, 2016.
- RODRÍGUEZ ALONSO, C., “La indeterminación competencial y la potestad sancionadora de los entes locales como presupuesto fallido para la sustitución de las sanciones administrativas por trabajos en beneficio de la comunidad”, *Revista de Estudios de Administración Local y Autonómica*, n. 6, 2016.
- RUIZ-RICO RUIZ, C., “Las Ordenanzas Locales de Convivencia y su impacto constitucional a propósito de la STS de 14 de febrero de 2013”, *Actualidad Administrativa*, n. 1, 2014.
- TRAYTER JIMÉNEZ, J.M., “Las ordenanzas cívicas: especial referencia a la Ordenanza de convivencia ciudadana de Barcelona”, *Derechos fundamentales y otros estudios en homenaje al prof. Dr. Lorenzo Martín-Retortillo*, Vol. I, El Justicia de Aragón, Zaragoza, 2008.
- VELASCO CABALLERO, F., e DÍEZ SASTRE, S., “Ordenanzas municipales y reserva de ley sancionadora”, *Cuadernos de Derecho Local*, n. 5, 2004.